

Consonte o disposto na orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG nº 29, de 11 de febreiro pasado) e a modificación da concreción curricular para o actual curso aprobada na sesión extraordinaria de claustro celebrada o 4 de abril pasado, publicamos a seguinte addenda para actualizar os criterios de avaliación, cualificación e promoción do Departamento Didáctico de Relixión no presente curso:

As diferentes estratexias de avaliación terán en conta os coñecementos previos do alumno, os seus intereses, as súas motivacións e os seus proxectos vitais.

Preséntanse materiais seleccionados: textos, obras de arte, testemuños, obxectos sagrados, normas,... sobre un tema para que o alumno os estructure ou reestructure segundo criterios propios.

Suscítanse problemas, de índole cultural-relixiosa, teolóxicas ou moral, cuxa solución débena buscar o propio alumno, en función de claves dadas.

A materia desenvolverase a base de técnicas de traballo activo nas que se terán en conta: o traballo persoal ou individualizado e o traballo en grupo onde se fomentan a cooperación, a solidariedade, a comprensión e a responsabilidade colectiva, así como adquirir coñecementos dun modo máis significativo, á vez que atento a diversidade dos alumnos, xa que estes traballan segundo as súas posibilidades e aptitudes.

A cualificación final de cada avaliación dependerá das notas obtidas ao longo do trimestre: análise e comentario de textos ou documentáis, películas e videos; probas escritas tipo exame, cuestionarios, vocabularios; traballos plásticos tipo collage, murais, carteis... e da actitude amosada.

As probas de cada avaliación supoñen un 70% da nota global reservándose o 30% restante para o traballo e actitude diaria.

Para o período que vai dende o remate da 3ª avaliación ate a final programamos:

- Actividades de reforzo e recuperación: pensadas para o alumnado que non teña superada algunha avaliación parcial.
- Actividades de ampliación, reforzo e titoría para os aprobados. A realización en prazo e correcta destas actividades suporá un incremento de ata un 10% na nota final.

Para superar a materia o alumnado deberá obter una cualificación final igual ou superior a 5.

Na valoración da convocatoria extraordinaria establecemos unha porcentaxe cualificativa do 70% para a proba específica e dun 30% para as tarefas realizadas e actitude amosada no período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria. Para superar a avaliación extraordinaria será necesario obter unha cualificación final igual ou superior a 5.

Tui, 8 de abril 2022
Polo Departamento Didáctico

Asdo.: M.^a Belén Romero Góme